

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

*RESOLUCIÓN do 12 de novembro de 2019 pola que se notifican as resolucións das solicitudes de modificación do Sixpac da campaña 2019.*

Mediante a Orde do 22 de xaneiro de 2019, a Consellería do Medio Rural regulou a tramitación de solicitudes de modificación do Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac) da campaña 2019.

O artigo 22 da citada orde dispón que a resolución das solicitudes de modificación ao Sixpac corresponde á persoa titular da Dirección do Fogga que ditará a resolución correspondente que será notificada aos interesados. Conforme se indica no artigo 28 da mesma orde, todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De conformidade co establecido no artigo 45.1 da indicada lei, a notificación poderá realizarse mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, cunha ligazón á páxina web do Fogga.

En relación coas alegacións ou solicitudes de modificación do Sixpac da campaña 2019, logo do informe da Subdirección Xeral de Xestión da PAC, esta dirección

#### RESOLVE:

Primeiro. Dar publicidade na web do Fogga ás listaxes das resolucións das solicitudes de modificación do Sixpac da Orde do 22 de xaneiro de 2019 citada.

As persoas interesadas poden acceder á dita web no seguinte enlace:

<https://fogga.xunta.gal/>

Segundo. Poñer á disposición das persoas interesadas no Portal de axudas PAC as resolucións completas das solicitudes citadas no punto primeiro desta resolución.

O acceso ao dito portal poderá realizarse a través do seguinte enlace:

[https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas\\_pac/portal\\_de\\_axudas\\_pac](https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/portal_de_axudas_pac)



Neste portal, cada persoa interesada poderá acceder ao contido da súa resolución individualizada mediante certificado dixital ou DNI-e (DNI electrónico) ou emprego da Chave365. A información sobre a forma de alta da Chave365 atópase no enlace que se indica a continuación:

<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>

Terceiro. Contra as citadas resolucións, que non poñen fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o presidente do Fogga no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao desta publicación, consonte o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de interposición concluirá o mesmo día desta publicación no mes de vencemento, de conformidade no artigo 30.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019

Silvestre José Balseiros Guinarte  
Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

